

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso e da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A Comisión europea ven de aprobar o camiño cara a ratificación do CETA (Comprehensive Economic and Trade Agreement), tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá. Dito camiño inclúe a ratificación dos 28 Estados da UE nos seus Parlamentos.

O CETA segue o mesmo modelo que inspira o TTIP: devaluación das condicións laborais e dos dereitos sindicais, empeoramento da calidade dos produtos -especialmente grave no que respecta á alimentación-, colonialismo cultural coa entrada sen filtro da industria cultural norteamericana, rebaixa dos estándares medio ambientais e, principalmente, perda da soberanía dos pobos.

Trae consigo un grave perigo que é a creación de xulgados ad hoc para dirimir conflitos entre empresas e estados cando estas denuncien a aprobación de lexislación que, supostamente, afecten á súa actividade comercial.

Isto significa a erosión da democracia, xa que coa entrada en vigor deste tipo de tratados reduciranse, aínda máis, os campos suxeitos ao escrutinio e á vontade democrática dos pobos.

Estes tratados van na liña iniciada pola aceleración da globalización capitalista desde os anos oitenta do século XX de subtraer aos pobos toda existencia de soberanía popular.

Do punto de vista do medio ambiente, este tipo de tratados incide no tipo de desenvolvementismo insostible da globalización.

O CETA afecta a Galiza e á súa lexislación e normativa e, por iso, o Parlamento galego non pode permanecer á marxe do debate sobre un instrumento que condicionará a súa política económica, laboral e ambiental.

Por todo elo, o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que rexeite o CETA e demande ao Goberno do Estado a que se posicione en contra da súa ratificación.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 08/07/2016 11:08:56

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/07/2016 11:09:06

Ramón Vázquez Díaz na data 08/07/2016 11:09:10

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/07/2016 11:09:14

Eva Solla Fernández na data 08/07/2016 11:09:19



Jose Javier Ron Fernandez na data 08/07/2016 11:09:22